

## DEPARTAMENTO DE FÍSICA e QUÍMICA

### Anexo programación: Cambios de criterio para avaliar 2ª avaliación

Cambios nos Criterios de Cualificación na materia de Física e Química de 2º de ESO

O 10 % do instrumento de avaliación "Observación do caderno de clase", por non poder levar a cabo a corrección de todos os cadernos de clase, increméntase ao apartado de "Probas escritas (exames)", de tal xeito que a distribución dos diferentes Criterios queda da seguinte maneira:

Probas escritas (exames).....	90 %
Control das tarefas diarias, observación na aula da actitude cara á materia.....	10 %

Cambios nos Criterios de Cualificación na materia de Física e Química de 3º de ESO

Non hai cambios na ponderación dos diferentes Criterios de Cualificación de materia de 3º, só que no apartado do 20 % ("Chamadas orais", "Caderno de clase" e "Traballos individuais ou colaborativos") teranse en conta só as tres notas do traballo en grupo correspondentes a "presentación", "contidos" e "exposición de grupo". A distribución queda da seguinte maneira:

A. Probas escritas (exames).....	70 %
C. Traballos individuais ou colaborativos.....	20 %
D. Disposición cara á materia.....	10 %

Cambios nos Criterios de Cualificación na materia de Física e Química de 4º de ESO

Por non ter feito un segundo exame na materia de Física e Química, a distribución dos Criterios de Cualificación quedan da seguinte maneira:

Probas escritas (exames).....	60 %
Traballo colaborativo (exposición oral).....	40 %

Cambios nos Criterios de Cualificación na materia de Ciencias Aplicadas á Actividade  
Profesional

Por non facer o exame previsto para o 18 de marzo, os criterios de cualificación quedan modificados da seguinte maneira:

Media das notas obtidas nas tarefas realizadas na aula.....70 %

Media de ter en conta os aspectos relativos a: "trae o material",  
"diligencia na realización de tarefas" e "atención en clase".....30 %

Cambios nos Criterios de Cualificación na materia de Física e Química de 1º de Bacharelato

Non hai modificacións, agás que non se tivo en conta a nota individual correspondente á exposición oral do apartado C ("Traballos individuais ou colaborativos"), debido a que ningún alumno a puido realizar.